

ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía, Emprego e Industria

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Emprego e Economía Social

Resolución pola que se inscribe no Rexistro e se dá publicidade ao III convenio colectivo da UTE Geseco-Cespa, recollida sólidos urbáns e limpeza viaria Concello de Teo

Visto o expediente do III convenio colectivo da UTE GESECO-CESPA, Recollida Sólidos Urbáns e Limpeza Viaria Concello de Teo (código n.º 15100021012011) que foi suscrito pola comisión negociadora na xuntanza do 21.04.2017, coas modificacións introducidas nas xuntanzas do 24.07.2017 e 10.11.2017, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria

RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 28 de novembro de 2017.

O xefe territorial

Isidoro Martínez Arca

CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA UTE GESECO-CESPA CO SEU PERSOAL ADSCRITO AO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE TEO

CAPÍTULO I.-NORMAS XERAIS

Artigo 1.-Ámbito de aplicación.

O presente convenio colectivo regulará as condicións de traballo da empresa UTE GESECO-CESPA LEI 18/1982, do 16 de maio, co seu persoal adscrito ao servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria do Concello de Teo.

O presente convenio se firma pola seguintes persoas:

Por parte da empresa actúan D. Oscar Santomé Lemos, e D. Manuel Polledo Cerdeiriña DNI 32.815.930-J, en calidade de representantes da UTE Geseco-Cespa. Pola parte social D. Juan Carlos Campos Iglesias coma delegado de persoal da CIG do centro de traballo.

Artigo 2.-Vixencia, duración e denuncia.

O presente convenio colectivo entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2017, con independencia da data de publicación no boletín oficial da provincia, e finalizará o 31 de decembro de 2018. Chegado o seu vencemento, entenderase automaticamente denunciado, nembregantes continuará a aplicarse o seu contido normativo ata a sinatura dun novo convenio.

Artigo 3.-Absorción e compensación.

As retribucións establecidas neste convenio compensarán e absorberán todas as existentes no momento da súa entrada en vigor, calquera que sexa a natureza ou a súa orixe.

Os aumentos de retribucións que se puidesen producir no futuro por disposicións legais só serán aplicables cando considerados globalmente en cómputo anual superen os aquí pactados. No caso contrario serán compensados ou absorbidos manténdose este convenio nos seus propios termos.

www.cigservizos.org

Artigo 4.-Comisión Paritaria.

Como órgano de interpretación, vixilancia e solución de conflitos do pactado no presente convenio, crearase unha Comisión Mixta Paritaria integrada polo representante legal dos traballadores e un representante legal da empresa.

As partes asinantes deste convenio durante a súa vixencia acordan someterse ás disposicións contidas no Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), nos propios termos en que estean estipulados, co alcance e nos modos establecidos no propio AGA.

A comisión paritaria será a encargada de resolver as discrepancias que poidan xurdir para a no aplicación das condicións de traballo a que se refire o artigo 82.3.

A comisión se somete os procedementos e prazos de actuación para a solución das discrepancias producidas en su seno ós sistemas no xudiciais de solución de conflitos establecidos no AGA (acordo Galego Interprofesional de Solución extraxudicial de Conflitos colectivos).

Funcións:

A Comisión paritaria terá as seguintes funcións:

- a) Vixilancia e seguimento do cumprimento de este Convenio.
- b) Interpretación da totalidade dos preceptos do presente Convenio.
- c) Conciliación en conflitos colectivos que supoñan a interpretación e aplicación das normas de este Convenio.
- d) Cantas funcións tendan á maior eficacia do presente Convenio, ou se deriven do estipulado no seu texto.

Procedementos. As cuestións que se promovan ante a Comisión paritaria adoptarán a forma escrita e o seu contido será o suficiente para que poida examinar e analizar a cuestión co necesario coñecemento da causa, debendo ter como contido obrigatorio:

- a) Exposición sucinta e concreta do asunto.
- b) Razóns e fundamentos que entenda le asisten ó proponente.
- c) Proposta e petición concreta que se lle formule á Comisión.

A Comisión deberá emitir informe en prazo de sete días, dende o momento en que se produza a reunión sobre os asuntos que se lle sometan.

CAPÍTULO II.-CONDICIÓN DE TRABALLO E SALARIAIS

Artigo 5.-Xornada de traballo.

A xornada de traballo distribuirase, durante o período de vixencia do convenio, do seguinte xeito.

- O persoal que preste o servizo de limpeza viaria dende o 15 de xuño ó 15 de setembro:

De luns a venres de 07.00 a 14.00 horas.

Sábados de 08.00 a 12.00 horas.

- O persoal que preste o servizo de limpeza viaria dende o 16 de setembro ó 14 de xuño:

De luns a venres de 07:25 a 14.30 horas.

Sábados de 09.00 a 13.00 horas.

- O persoal que preste o servizo de recollida e transporte de lixo terá unha xornada de luns a sábado de 06.00 a 12.30 horas durante todo o ano, a excepción dos días festivos nos que a xornada durará de 06.00 a 11.00 horas.

No caso dos traballos en horario nocturno estes desenvolveranse entre as 22.00 e as 04.30 horas.

Durante a xornada de traballo inclúese un período de descanso para o bocadillo de 30 minutos, computando como tempo efectivo de traballo.

No caso de que debido ás especificacións do traballo en cuestión, principalmente na recollida, traballen “ a tarefa”, deben realizar as rutas ou traballos estipulados diarios de recollida na súa totalidade.

Mantéñense os quendas de descanso dos sábados, tal e como se ven facendo ata o de agora.

Os días festivos e domingos, en que se precise realizar servizos, estes faranse con persoal voluntario do cadro de persoal, no caso de non existir persoal voluntario nomearíanse correquendas obrigatorios de traballo co persoal afecto aos

SERVIZOS

www.cigservizos.org

servizos de limpeza viaria e recollida e transporte de lixo. Estableceranse as correspondentes libranzas como consecuencia da prestación dos servizos en festivo.

Os días 24 e 31 de decembro, a xornada diaria será de catro horas.

O día 3 de novembro considerárase coma festivo . Cando caia en luns ou xunto a un festivo, se buscará entre empresa e traballadores un acordo para poder cambia-lo a outro día próximo, para non ter dous días consecutivos sen recoller ou traballar. Se tratará de facer cando o fagan as plantas de transferencia, así por exemplo no 2014, o festivo se traslada ó día 4 de novembro martes.

Artigo 6.-Condicións económicas.

As condicións económicas estrutúranse nos seguintes conceptos: salario base; plus tóxico, penoso e perigoso; plus de asistencia; plus de nocturnidade e plus de transporte.

– Plus tóxico, penoso e perigoso.

O persoal afecto ao presente convenio percibirá un complemento de posto de traballo denominado tóxico, penoso e perigoso polo importe mensual establecido para cada categoría na táboa salarial anexa ao presente convenio.

– Plus de responsabilidade.

O persoal con funcións de dirección de persoal e organización do servizo percibirá o plus correspondente según táboa anexa.

– Plus de transporte.

O persoal afecto ao presente convenio percibirá en concepto de transporte ao traballo un plus mensual, establecido para cada categoría na táboa salarial anexa ao presente convenio. Este plus devengarase en once mensualidades, excluídas as vacacións aínda que o seu pago está prorrateado a doce meses segundo a táboa salarial adxunta.

O plus de transporte desaparece no ano 2018, según táboa anexa.

– Plus de nocturnidade.

O persoal afecto ao presente convenio en horario nocturno, isto é, entre as 22.00 e as 06.00 horas, percibirá en concepto de plus de nocturnidade, un plus mensual, conforme ó establecido na táboa salarial anexa ao presente convenio.

– Horas extras.

Salvo os casos de forza maior, procurarase realizar o mínimo de horas extraordinarias. En todo caso, estas aboaranse a razón de 10,00 € a hora extraordinaria.

– Festivos e domingos

O persoal afecto ao presente convenio percibirá en concepto de traballo en día festivo ou domingo un plus de 62 € por cada día traballado no ano 2017 e 64 € no ano 2018.

Artigo 7.-Gratificacións extraordinarias.

O persoal afecto a este convenio percibirá dúas gratificacións extraordinarias, de xullo e de decembro polo concepto de salario base. A paga de xullo devengarase semestralmente, do 1 de xaneiro ao 30 de xuño e a de decembro do 1 de xullo ao 31 de decembro. O seu aboamento, efectuarase os días 15 de xullo e 15 de decembro, respectivamente. As contías das ditas pagas quedan especificadas na táboa salarial adxunta.

A terceira paga extraordinaria, que se pagará no mes de marzo, será polos seguintes importes brutos anuais:

CATEGORÍA/Función	PAGA MARZO	
	2017	2018
ENCARGADO	216,00 €	260,00 €
CAPATAZ	216,00 €	260,00 €
CONDUTOR	216,00 €	260,00 €
OFICIAL 2	200,00 €	240,00 €
PEÓN	200,00 €	240,00 €

O seu devengo será do 1 de xaneiro ó 31 de decembro do ano no que se pague.

Artigo 8.-Vacacións.

O persoal comprendido no presente convenio gozará dun período anual de vacacións de 31 días naturais ou a parte proporcional en función da data de incorporación á empresa.

As vacacións gozaranse ó longo de todo o ano, de xeito rotatorio. Para tal efecto, elaborárase un calendario de vacacións que o persoal coñecerá con dous meses de antelación ás datas de desfrute.

Finalmente, as vacacións poderán rotarse e cambiarse o seu desfrute entre os traballadores da mesma categoría, sempre que non se prexudique a calidade da prestación dos servizos e previa solicitude e autorización á empresa.

As vacacións comezarán en día laborable.

CAPÍTULO III.-CONDICIÓN S SOCIAIS E OUTRAS APLICACIÓN S

Artigo 9.-Licenzas e permisos.

O traballador, logo de aviso e xustificación, poderá ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo que se indica, sen prexudicio do establecido no artigo 37 do Estatuto dos traballadores:

a) Quince días naturais en caso de matrimonio ou parella de feito estable, que deberá acreditarse debidamente mediante certificado de encontrarse inscrita no rexistro municipal correspondente e padrón municipal.

b) Dous días naturais por nacemento de fillo ou enfermidade grave ou falecemento de parentes ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade. Cando, por tal motivo, o traballador necesite facer un desprazamento ao efecto, o prazo será de catro días.

c) Un día natural por traslado domicilio habitual.

d) Polo tempo indispensable, para o cumprimento dun deber inescusable de carácter persoal, comprendido o exercicio de sufraxio activo. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ao que dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

e) Polo tempo necesario para asistencia a consulta médica debidamente acreditada e xustificada.

f) Dous días de asuntos propios ó ano. Os días de asuntos propios deberán ser solicitados con 72 horas de antelación ó seu disfrute, e non poderán ser engadidos a fins de semana, nin festivos, nin vacacións e deberán disfrutarse por un máximo de un traballador cada día.

Nembergantes, se poderá disfrutar en luns sempre que no haxa festas patronais ou parroquiais e se por necesidades do servizo se tivese que denegar algún, será xustificado por escrito debidamente pola empresa.

h) Dez horas anuais por traballador para acompañamento ao médico a familiares de primeiro grao cando coincida co horario laboral e con xustificación.

www.cigservizos.org

Artigo 10.-Recoñecementos médicos.

Cada ano realizarase, a todos os traballadores, por conta da empresa e con carácter voluntario, o recoñecemento médico específico aos seus postos de traballo, entregándose os resultados ao traballador.

Artigo 11.-Incapacidade temporal.

No caso de baixa por incapacidade temporal derivada de accidente ou enfermidade laboral, a empresa complementará para a primeira baixa de cada ano ata o 100% do salario mensual, dende o primeiro día de baixa e mentres dure a situación de I.T.

No caso de enfermidade común a empresa complementará na primeira baixa do ano, ata o 85% do salario mensual dende o primeiro día da baixa e mentres dure a mesma para os tres anos de duración do convenio. No caso de que a baixa dure máis de 8 días, o complemento será do 90% dende o primeiro día.

No caso de enfermidade común con hospitalización grave ou superior a 24 horas, a empresa complementará na primeira baixa do ano ata o 100% do salario mensual, dende o primeiro día de baixa e mentres dure a situación de I.T.

Por salario mensual entenderase aquel que inclúe os conceptos de salario base, plus tóxico, asistencia, transporte e nocturnidade.

A situación de incapacidade temporal non afectará ao importe das pagas extras que se cobrarán na súa totalidade, independentemente do tipo de incapacidade.

Artigo 12.-Prendas de traballo.

A roupa de traballo será de uso obrigatorio para todo o persoal na empresa. A empresa facilitará a mesma según as necesidades do persoal, repoñendo as prendas según desgaste ou deterioro, o que se deberá xustificar.

As prendas a entregar, que serán homologadas, serán de entre as seguintes:

Verán:

- Peón: Un pantalón, unha camisa, un par de botas de seguridade, luvas e un xersei de verán.
- Conductor: Un pantalón, unha camisa, un par de botas de seguridade, luvas e un xersei de verán.

Inverno:

- Peón: Un pantalón, unha camisa, un par de botas de seguridade, luvas e unha cazadora de inverno.
- Conductor: Un pantalón, unha camisa, un par de botas de seguridade, luvas e unha cazadora de inverno.

Ó comezo da actividade farase unha achega dobre das prendas para cada un dos traballadores e categorías profesionais.

Ademais entregarase, un par de botas de auga cada dous anos, un anorak e un traxe de auga en anos alternos.

As prendas de verán poranse preferentemente, a disposición do persoal do 1 ao 15 de maio e as de inverno, do 1 ao 15 de outubro.

As botas de auga serán dun tecido de características iguais ou similares os coñecidos ou denominados “gore tex” ou “simpatex”.

Artigo 13.–Póliza de seguros.

A partir do mes seguinte ó da firma deste convenio, a empresa subscribirá unha póliza pola que, cando se produza un accidente laboral ou enfermidade profesional como consecuencia da actividade laboral e derive en morte, incapacidade laboral total, absoluta ou grande invalidez, o traballador ou os seus beneficiarios, perciban, en concepto de indemnización a cantidade de 20.000,00 €, independentemente das prestacións que puidesen corresponderlles por este motivo.

O traballador/a poderá designar ante a entidade aseguradora e por escrito os seus propios beneficiarios.

Artigo 14.–Dereitos sindicais.

Os delegados de persoal disporán dun crédito de horas sindicais retribuídas e mensuais, equivalente ás establecidas na lexislación vixente para o desenvolvemento das súas funcións representativas.

Artigo 15.–Excedencia.

A excedencia voluntaria terá unha reserva de posto de traballo durante o primeiro ano de duración da mesma.

Artigo 16.–Carné CAP.

A obtención do carné CAP para os condutores, cando esta sexa obrigatoria, correrá a cargo da empresa.

Disposición adicional

En todo o non disposto neste convenio e os seus anexos, estarase ao establecido no convenio xeral do sector de limpeza pública, viaria, regos, recollida, tratamento e eliminación de residuos e limpeza e conservación da rede de sumidoiros; Estatuto dos Traballadores; Lei Orgánica de Liberdade Sindical e demais lexislación vixente nesta materia.

ANEXO: TÁBOA SALARIAL-ANOS 2017 e 2018

TABLA SALARIAL 2017									
CATEGORÍA/ FUNCIÓN	S.B.	P. PENOSO	P. RESPONSABILIDAD	P. TRANSP.	P. NOCT.	PAGA JUNIO	PAGA DIC.	PAGA MARZO	BRUTO ANUAL
ENCARGADO	1.107,77 €	221,55 €	268,63 €	104,64 €	332,33 €	1.107,77 €	1.107,77 €	216,00 €	22.862,67 €
CAPATAZ	923,97 €	184,79 €		95,57 €	277,19 €	923,97 €	923,97 €	216,00 €	16.515,95 €
CONDUCTOR	923,97 €	184,79 €		95,57 €	277,19 €	923,97 €	923,97 €	216,00 €	16.515,95 €
OFICIAL 2	910,92 €	182,18 €		93,42 €	273,28 €	910,92 €	910,92 €	200,00 €	16.260,13 €
PEÓN	884,89 €	176,98 €		91,53 €	265,47 €	884,89 €	884,89 €	200,00 €	15.810,56 €
TABLA SALARIAL 2018									
CATEGORÍA	S.B.	P. PENOSO	P. RESPONSABILIDAD	P. TRANSP.	P. NOCT.	PAGA JUNIO	PAGA DIC.	PAGA MARZO	BRUTO ANUAL
ENCARGADO	1.231,04 €	246,21 €	250,00 €		369,31 €	1.231,04 €	1.231,04 €	260,00 €	23.426,06 €
CAPATAZ	1.019,54 €	203,91 €			305,86 €	1.019,54 €	1.019,54 €	260,00 €	16.980,46 €
CONDUCTOR	1.019,54 €	203,91 €			305,86 €	1.019,54 €	1.019,54 €	260,00 €	16.980,46 €
OFICIAL 2	1.004,34 €	200,87 €			301,30 €	1.004,34 €	1.004,34 €	240,00 €	16.711,18 €
PEÓN	976,42 €	195,28 €			292,93 €	976,42 €	976,42 €	240,00 €	16.253,29 €